


● Plan de Saúde
Mental de Galicia
poscovid-19



Xornada

FOMENTANDO A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL GRAVE

30 de marzo de 2022

CEGADI, salón de actos.
Rúa Xosé Chao Rego s/n.
Santiago de Compostela.
(Entrada pola planta 0, COGAMI).

O [Plan de Saúde Mental poscovid-19 de Galicia](#) prioriza a atención na comunidade e a integración social da persoa con trastorno mental grave, e define programas de potenciación de recursos sociolaborais normalizados, e de non discriminación neste colectivo.

Acadar a recuperación é a meta para as persoas con problemas de saúde mental e os e as profesionais que as atenden. A Consellería de Sanidade considera que favorecer a empregabilidade das persoas con trastorno mental severo é un pilar fundamental para acadala.

Esta xornada é o punto de partida para que as diferentes administracións públicas implicadas no sector da saúde, discapacidade e emprego, en colaboración coa Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro (CEGASAL) progresen neste obxectivo. CEGASAL é unha entidade de carácter multisectorial, que representa, a nivel nacional e internacional, aos Centros Especiais de Emprego de Galicia sen ánimo de lucro, promovendo entre os seus fins, o fomento da integración social e laboral das persoas con discapacidade e aquelas en situación ou risco de exclusión social.

O obxectivo é facer unha posta en común de experiencias de éxito previas, analizar as barreiras e facilitadores para as mesmas, e levar a cabo un proceso de consulta técnica interdepartamental que estableza un procedemento facilitador da adscrición á formación teórico-práctica prelaboral dentro do seu itinerario de asistencia sanitaria.

FOMENTANDO A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL GRAVE

10.00 - 10.30 h

Inauguración

- [Julio García Comesaña](#), Conselleiro de Sanidade
- [Jorge Aboal Viñas](#), Director Xeral de Asistencia Sanitaria
- [José Antonio Vázquez Freire](#), Presidente da Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro (Cegasal)

10.30 - 12.00 h

Mesa de presentación do proxecto

O emprego no plan de saúde mental de Galicia

Relatora: [María Tajés Alonso](#), Xefa do Servizo de Saúde Mental. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Presentación do proxecto de Cegasal e dos sectores de actividade

Relatora: [Silvia Alende](#), Xerente de Accede Social, transporte adaptado - grupo Cogami. Directiva de Cegasal

Enfoque de actuación do proxecto e posta en común de experiencias de éxito previas, a suas barreiras e aspectos facilitadores

Relatores/as: [María Seoane](#). Cegasal

12.00 - 12.30 h

Pausa-café

12.30 - 13.30 h

Posta en común e debate entre os profesionais de ambas redes

Persoal técnico do eido empresarial, sanitario, de emprego e social

13.30 -14.00 h

Conclusións e peche da xornada

